

## **ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE UN OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES MEDIANTE CONTRATO DE RELEVO. (80% DA XORNADA COMPLETA)**

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 8:45 horas do 29 de outubro de 2.010, reúnen os membros do tribunal de selección dunha praza de operario de servizos múltiples mediante contrato de relevo do Concello de Cabana de Bergantiños, coa composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 746/2010 do 27 de outubro, estando presentes: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, D. José Manuel Varela Lema (traballador laboral fixo do Concello) e D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (traballadora laboral fixo do Concello) que actúan como vocais e D. Federico M. Suárez Cancelo, (Secretario do Concello) que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto.

Unha vez constituído o tribunal este se traslada ás dependencias de Protección Civil do Concello de Cabana de Bergantiños, co fin de poder realizar a proba práctica prevista nas bases que foron aprobadas mediante resolución de Alcaldía nº 666/2010 do 24 de setembro.

Preséntanse tódolos aspirantes admitidos á proba práctica. Realizada a proba práctica reúne o tribunal para proceder á valoración dos méritos achegados cos seguintes resultados:

### **Probas prácticas**

<b>Nome</b>	<b>Muro.</b>	<b>Soldadura</b>	<b>Pintura</b>	<b>TOTAL</b>
Parga Eiroa, José Manuel	8	9	8	<b>25</b>

### **Méritos achegados:**

<b>Nome</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>TOTAL</b>
Parga Eiroa, José Manuel	0,25	0,5	3	<b>3,75</b>

Polo que á vista das puntuacións obtidas e de que o único aspirante presentado e admitido superou as probas establecidas, o Tribunal de selección, acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, propoñer o nomeamento de D. José Manuel Parga Eiroa, para o posto de operario de servizos múltiples mediante contrato de relevo, e como consecuencia da xubilación parcial de D. Ramón García Novo, operario municipal.

De conformidade co punto nove das bases de selección o aspirante proposto deberá presentar no prazo dos 5 días naturais seguintes o da publicación da presente acta no taboleiro de editos do Concello e na web do Concello a documentación relacionada nas bases de selección.

En cabana de Berganiños a 29 de outubro de 2.010.  
Asinan os membros do tribunal de selección.